

**Conservatorio Profesional de Música de
Carballo**

Programación de Trombón

Curso escolar 2025/2026

Profesora: Xiana Naval Chaves

Índice

1. Introducción.....	3
2. Metodoloxía.....	3
3. Atención á diversidade.....	4
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	5
5. Secuenciación dos cursos	5
5.1 Curso: 1º Grao Elemental.....	5
5.1.1 Obxectivos	5
5.1.2 Contidos	6
5.1.3 Avaliación	6
5.1.4 Recursos didácticos	10
5.2 Curso: 2º Grao Elemental.....	10
5.2.1 Obxectivos	10
5.2.2 Contidos	11
5.2.3 Avaliación	11
5.2.4 Recursos didácticos	15
5.3 Curso: 3º Grao Elemental.....	15
5.3.1 Obxectivos	15
5.3.2 Contidos	16
5.3.3 Avaliación	17
5.3.4 Recursos didácticos	21
5.4 Curso: 4º Grao Elemental.....	21
5.4.1 Obxectivos	21
5.4.2 Contidos	22
5.4.3 Avaliación	23
5.4.4 Recursos didácticos	27
5.5 Curso: 1º Grao Profesional.....	27
5.5.1 Obxectivos	27
5.5.2 Contidos	28
5.5.3 Avaliación	28
5.5.4 Recursos didácticos	32
5.6 Curso: 2º Grao Profesional.....	33
5.6.1 Obxectivos	33

5.6.2 Contidos	33
5.6.3 Avaliación	34
5.6.4 Recursos didácticos	38
5.7 Curso: 3º Grao Profesional.....	38
5.7.1 Obxectivos	38
5.7.2 Contidos	39
5.7.3 Avaliación	39
5.7.4 Recursos didácticos	43
5.8 Curso: 4º Grao Profesional.....	44
5.8.1 Obxectivos	44
5.8.2 Contidos	44
5.8.3 Avaliación	45
5.8.4 Recursos didácticos	49
5.9 Curso: 5º Grao Profesional.....	50
5.9.1 Obxectivos	50
5.9.2 Contidos	50
5.9.3 Avaliación	51
5.9.4 Recursos didácticos	55
5.10 Curso: 6º Grao Profesional.....	56
5.10.1 Obxectivos	56
5.10.2 Contidos	56
5.10.3 Avaliación	57
5.10.4 Recursos didácticos	61
6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	62
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	62
8. ANEXOS.....	64
8.1 Probas de acceso a 1º curso de Grao Profesional.....	64
8.2 Probas de acceso a outros cursos	64
8.2.1 Acceso a cursos do Grao Elemental	64
8.2.2 Acceso a cursos do Grao Profesional	65
8.3 Criterios para a obtención do premio de fin de grao	65

1. Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. A presente programación dá concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de Carballo. O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. Metodoloxía

A meta que se pretende acadar é a interpretación musical, o que implica o desenvolvemento da sensibilidade e a personalidade, xa que a música, e polo tanto, o trombón, son unha ferramenta para transmitir emocións. Para iso empregaranse técnicas de enseñanza individuais e activas, e o método empregado será a autoaprendizaxe guiada, tratando de fomentar no alumnado un interese polo estudo diario e ensinarlle como debe

traballa na casa. Ademais, tratarase dunha metodoloxía progresiva ao longo do curso, xa que a aprendizaxe irá do máis sinxelo ao máis complicado; e flexible, en canto a que se adaptará aos diferentes ritmos do alumnado.

Aínda que na práctica dun instrumento priman os contidos procedimentais cunha aprendizaxe significativa constructivista á hora de traballar as destrezas técnicas, non debemos esquecer a importancia da creatividade. Esta traballarase mediante a técnica da improvisación, desenvolvendo a espontaneidade musical que se estimulará mediante a lectura a primeira vista e o fomento da memoria.

O contacto coas familias do alumnado será de vital importancia para orientar o seu papel no desenvolvemento da formación musical do alumnado. Fomentarase un contacto fluído así como a valoración por parte das familias da necesidade de solicitar regularmente titorías.

Durante a primeira semana de clase levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado, tanto no grao elemental coma no grao profesional, co propósito de verificar o seu nivel de preparación para afrontar os obxectivos propostos no curso matriculado.

3. Atención á diversidade

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa.

O alumnado do conservatorio habitualmente esta dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos.

Así pois, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que e o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun discente ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o docente poderá formular as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de novos contidos

4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O departamento participará na promoción das súas especialidades a través de concertos públicos, audicións e concertos didácticos, realizados no propio centro ou noutros centros educativos da contorna.

Dado o elevado número de concertos e actividades musicais que o equipo directivo e os docentes do centro programan ao longo do curso, contéplase a posibilidade de asistir ás propostas de maior interese para o alumnado, dada a idade e curso no que se atopen. Estas actividades de asistencia a concertos dentro do propio centro potencian moitos dos contidos intercurriculares que se presentan nas nosas programacións, así como a vivencia da música dun xeito directo.

Ademais, poderanse organizar desde o departamento ou o aula da especialidade un ou varios cursos ou master-class ao longo do curso. A asistencia a estas actividades será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

5. Secuenciación dos cursos

5.1 Curso: 1º Grao Elemental

5.1.1 Obxectivos

O alumnado debe desenvolver as seguintes capacidades:

- Adoitar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, articulación e flexibilidade do son.

- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Coñecer a importancia da respiración e do dominio do corpo para o desenvolvemento da técnica instrumental e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e literatura do instrumento coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público.
- Adquirir a capacidade de escoitarse e ser auto-críticos.

5.1.2 Contidos

- Principios básicos da dicitación.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis -motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Práctica das distintas articulacións.
- Estudo da boquilla.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

5.1.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución. A avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán

de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensino–aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Memorizar e interpretar textos musicais.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. (Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.)
- Interpretar en público como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.

Mínimos esixibles

Para superar o curso, o alumno terá que ter traballado polo menos un 80% dos métodos e exercicios propostos. Ademais deberá interpretar en público como solista, 3 obras representativas do seu nivel.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias fases:

1. **Avaliación inicial:** será realizada ao comezar o curso para detectar o punto de partida do alumnado.
2. **Avaliación continua ou de progreso:**
 - Avaliarase nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades de xeito individualizado.
 - Realizaranse observacións sistemáticas a diario, anotadas no caderno do profesor.
 - Realizaranse exercicios e actividades na aula valorando o rendemento, comportamento e actitude do estudante, así como as audicións en público ou proba de clase de cada trimestre.

Para obter a cualificación de cada unha das avaliacións (1ª avaliación, 2ª avaliación e 3ª avaliación) teranse en conta as anotacións diarias recollidas no caderno de aula e mais a proba práctica de aula ou audición.

Así pois, o traballo diario contará o 70% da nota final da avaliación e a proba práctica ou audición, o 30%. Esta última será de carácter obrigatorio, a non ser por algunha causa debidamente xustificada e notificada á profesora coa maior antelación posible.

Para cualificar o traballo diario durante as sesións ao longo de cada trimestre terase en conta a seguinte rúbrica:

	< 5	5 - 6	7 - 8	9 - 10
Coñecemento da obra ou exercicio	Non sabe practicamente nada acerca da peza a interpretar.	Coñece as características básicas do estilo e da peza a interpretar.	Coñece as características da época e o estilo da peza a interpretar.	Coñece as características da época e estilo da peza a interpretar e mostra interese en ampliar a súa información sobre ela.
Técnica na interpretación	Non domina a técnica do instrumento necesaria para a interpretación da peza.	Domina a técnica do instrumento necesaria para interpretar a peza pero con algunhas dificultades.	Domina a técnica necesaria para interpretar a peza sen dificultade.	Domina con solvencia a técnica necesaria para interpretar a peza e ademais mostra interese en melloralala en todo momento.
Musicalidade na interpretación	A interpretación é lineal en todo momento.	Intenta aportar musicalidade á interpretación mediante o fraseo pero non o mantén en toda a peza.	Aporta musicalidade á interpretación durante practicamente toda a peza.	Aporta musicalidade á interpretación durante toda a peza, demostrando seguridade e confianza.
Traballo na casa	Non mostra interese en mellorar e o estudo diario é case nulo.	Mostra interese durante as clases pero non traballa demasiado na casa.	Mostra interese durante as clases e o estudo diario é bo.	Mostra moito interese nas sesións, ten un bo hábito de estudo e preocupase por mellorar buscando os seus propios recursos a maiores das sesións.

Para cualificar a nota da audición ou proba de aula, terase en conta a seguinte rúbrica:

CRITERIOS	Nunca	Algunha vez	Ás veces	Case sempre	Sempre
Postura: Coloca o corpo de xeito apropiado segundo os requirimentos da especialidade instrumental	0	0.25	0.5	0.75	1
Son: Utiliza de forma axeitada as técnicas de respiración adaptadas á execución instrumental	0	0.25	0.5	0.75	1
Son: Emite de xeito correcto o son e coloca a embocadura de xeito idóneo	0	0.25	0.5	0.75	1
Memoria: Interpreta con corrección os exercicios e obras solicitados sen empregar partitura	0	0.25	0.5	0.75	1
Fraseo: Utiliza e executa correctamente a articulación, dinámicas e tempo nas pezas musicais propostas	0	0.25	0.5	0.75	1
Interpretación: Executa coherentemente e acorde co estilo propio de cada peza musical proposta	0	0.5	1	1.5	2
Entoación: Asimila e executa con corrección os principios de afinación	0	0.25	0.5	0.75	1
Protocolo de actuación: Coñece e aplica principios básicos para a actuación correcta sobre un escenario	0	0.25	0.5	0.75	1
Protocolo como audiencia: Coñece e aplica principios básicos para a asistencia a concertos académicos e audicións públicas	0	0.25	0.5	0.75	1
TOTAIS PARCIAIS					
PUNTUACIÓN TOTAL					

No caso de que algún estudante, e só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder. Isto será posible sempre e cando o alumno ou alumna teña superados os obxectivos de todas as materias do curso no que se atopa.

Medidas de recuperación

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

O alumno terá dereito a un exame no mes de xuño que consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras ou exercicios das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.

5.1.4 Recursos didácticos

- Metrónomo
- Exercicios de técnica propostos pola profesora
- *Escoitar, ler e tocar* vol. 1
- *Aprende tocando o trombón* de Peter Wastall

5.2 Curso: 2º Grao Elemental

5.2.1 Obxectivos

O alumnado debe desenvolver as seguintes capacidades:

- Adoitar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, articulación e flexibilidade do son.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

- Coñecer a importancia da respiración e do dominio do corpo para o desenvolvemento da técnica instrumental e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e literatura do instrumento coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público.
- Adquirir a capacidade de escoitarse e ser auto-críticos.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para a concentración, audición interna e pensamento musical.

5.2.2 Contidos

- Principios básicos da dixitación.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Práctica das distintas articulacións.
- Estudo da boquilla.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Estudos de emisión de son.

5.2.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución. A avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán

valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensino–aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Memorizar e interpretar textos musicais.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. (Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.)
- Interpretar en público como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.

Mínimos esixibles

Para superar o curso, o alumno terá que ter traballado polo menos un 80% dos métodos e exercicios propostos. Ademais deberá interpretar en público como solista, 3 obras representativas do seu nivel.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias fases:

- 1. Avaliación inicial:** será realizada ao comezar o curso para detectar o punto de partida do alumnado.
- 2. Avaliación continua ou de progreso:**
 - Avaliarase nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades de xeito individualizado.
 - Realizaranse observacións sistemáticas a diario, anotadas no caderno do profesor.

- Realizaranse exercicios e actividades na aula valorando o rendemento, comportamento e actitude do estudante, así como as audicións en público ou proba de clase de cada trimestre.

Para obter a cualificación de cada unha das avaliacións (1ª avaliación, 2ª avaliación e 3ª avaliación) teranse en conta as anotacións diarias recollidas no caderno de aula e mais a proba práctica de aula ou audición.

Así pois, o traballo diario contará o 70% da nota final da avaliación e a proba práctica ou audición, o 30%. Esta última será de carácter obrigatorio, a non ser por algunha causa debidamente xustificada e notificada á profesora coa maior antelación posible.

Para cualificar o traballo diario durante as sesións ao longo de cada trimestre terase en conta a seguinte rúbrica:

	< 5	5 - 6	7 - 8	9 - 10
Coñecemento da obra ou exercicio	Non sabe practicamente nada acerca da peza a interpretar.	Coñece as características básicas do estilo e da peza a interpretar.	Coñece as características da época e o estilo da peza a interpretar.	Coñece as características da época e estilo da peza a interpretar e mostra interese en ampliar a súa información sobre ela.
Técnica na interpretación	Non domina a técnica do instrumento necesaria para a interpretación da peza.	Domina a técnica do instrumento necesaria para interpretar a peza pero con algunhas dificultades.	Domina a técnica necesaria para interpretar a peza sen dificultade.	Domina con solvencia a técnica necesaria para interpretar a peza e ademais mostra interese en melloralala en todo momento.
Musicalidade na interpretación	A interpretación é lineal en todo momento.	Intenta aportar musicalidade á interpretación mediante o fraseo pero non o mantén en toda a peza.	Aporta musicalidade á interpretación durante practicamente toda a peza.	Aporta musicalidade á interpretación durante toda a peza, demostrando seguridade e confianza.
Traballo na casa	Non mostra interese en mellorar e o estudo diario é case nulo.	Mostra interese durante as clases pero non traballa demasiado na casa.	Mostra interese durante as clases e o estudio diario é bo.	Mostra moito interese nas sesións, ten un bo hábito de estudo e preocupase por mellorar buscando os seus propios

				recursos a maiores das sesións.
--	--	--	--	---------------------------------

Para cualificar a nota da audición ou proba de aula, terase en conta a seguinte rúbrica:

CRITERIOS	Nunca	Algunha vez	Ás veces	Case sempre	Sempre
Postura: Coloca o corpo de xeito apropiado segundo os requirimentos da especialidade instrumental	0	0.25	0.5	0.75	1
Son: Utiliza de forma axeitada as técnicas de respiración adaptadas á execución instrumental	0	0.25	0.5	0.75	1
Son: Emite de xeito correcto o son e coloca a embocadura de xeito idóneo	0	0.25	0.5	0.75	1
Memoria: Interpreta con corrección os exercicios e obras solicitados sen empregar partitura	0	0.25	0.5	0.75	1
Fraseo: Utiliza e executa correctamente a articulación, dinámicas e tempo nas pezas musicais propostas	0	0.25	0.5	0.75	1
Interpretación: Executa coherentemente e acorde co estilo propio de cada peza musical proposta	0	0.5	1	1.5	2
Entoación: Asimila e executa con corrección os principios de afinación	0	0.25	0.5	0.75	1
Protocolo de actuación: Coñece e aplica principios básicos para a actuación correcta sobre un escenario	0	0.25	0.5	0.75	1
Protocolo como audiencia: Coñece e aplica principios básicos para a asistencia a concertos académicos e audicións públicas	0	0.25	0.5	0.75	1
TOTAIS PARCIAIS					
PUNTUACIÓN TOTAL					

No caso de que algún estudante, e só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual

e daquel ao que aspire a acceder. Isto será posible sempre e cando o alumno ou alumna teña superados os obxectivos de todas as materias do curso no que se atopa.

Medidas de recuperación

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

O alumno terá dereito a un exame no mes de xuño que consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras ou exercicios das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.

5.2.4 Recursos didácticos

- Metrónomo
- Exercicios de técnica propostos pola profesora
- *Escoitar, ler e tocar* vol. 1
- *Aprende tocando o trombón* de Peter Wastall

5.3 Curso: 3º Grao Elemental

5.3.1 Obxectivos

O alumnado debe desenvolver as seguintes capacidades:

- Adoitar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans

- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Coñecer a importancia da respiración e do dominio do corpo para o desenvolvemento da técnica instrumental e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e literatura do instrumento coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público.
- Adquirir a capacidade de escoitarse e ser auto-críticos.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para a concentración, audición interna e pensamento musical.
- Interpretar música en grupo adaptándose a escoitar as demais voces e a respectar as normas de interpretación grupal.

5.3.2 Contidos

- Principios básicos da dixitación.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Práctica das distintas articulacións.
- Traballo da dinámica.
- Estudo da boquilla.
- Adestramento progresivo da memoria.

- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Práctica de conxunto.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Estudos de emisión de son.

5.3.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución. A avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensino–aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Memorizar e interpretar Textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos, os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas ou resultar aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Aquí trátase de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimula-lo interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ó mesmo tempo que escoita e se adapta ó resto dos instrumentos. Este criterio presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a afinación, a precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros nun traballo común.

Mínimos esixibles

Para superar o curso, o alumno terá que ter traballado polo menos un 80% dos métodos e exercicios propostos. Ademais deberá interpretar en público como solista, 3 obras representativas do seu nivel.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias fases:

- 1. Avaliación inicial:** será realizada ao comezar o curso para detectar o punto de partida do alumnado.
- 2. Avaliación continua ou de progreso:**
 - Avaliarase nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades de xeito individualizado.
 - Realizaranse observacións sistemáticas a diario, anotadas no caderno do profesor.
 - Realizaranse exercicios e actividades na aula valorando o rendemento, comportamento e actitude do estudante, así como as audicións en público ou proba de clase de cada trimestre.

Para obter a cualificación de cada unha das avaliacións (1ª avaliación, 2ª avaliación e 3ª avaliación) teranse en conta as anotacións diarias recollidas no caderno de aula e mais a proba práctica de aula ou audición.

Así pois, o traballo diario contará o 70% da nota final da avaliación e a proba práctica ou audición, o 30%. Esta última será de carácter obrigatorio, a non ser por algunha causa debidamente xustificada e notificada á profesora coa maior antelación posible.

Para cualificar o traballo diario durante as sesións ao longo de cada trimestre terase en conta a seguinte rúbrica:

	< 5	5 - 6	7 - 8	9 - 10
Coñecemento da obra ou exercicio	Non sabe practicamente nada acerca da peza a interpretar.	Coñece as características básicas do estilo e da peza a interpretar.	Coñece as características da época e o estilo da peza a interpretar.	Coñece as características da época e estilo da peza a interpretar e mostra interese en ampliar a súa información sobre ela.
Técnica na interpretación	Non domina a técnica do instrumento necesaria para a interpretación da peza.	Domina a técnica do instrumento necesaria para interpretar a peza pero con algunhas dificultades.	Domina a técnica necesaria para interpretar a peza sen dificultade.	Domina con solvencia a técnica necesaria para interpretar a peza e ademais mostra interese en melloralala en todo momento.
Musicalidade na interpretación	A interpretación é lineal en todo momento.	Intenta aportar musicalidade á interpretación mediante o fraseo pero non o mantén en toda a peza.	Aporta musicalidade á interpretación durante practicamente toda a peza.	Aporta musicalidade á interpretación durante toda a peza, demostrando seguridade e confianza.
Traballo na casa	Non mostra interese en mellorar e o estudo diario é case nulo.	Mostra interese durante as clases pero non traballa demasiado na casa.	Mostra interese durante as clases e o estudo diario é bo.	Mostra moito interese nas sesións, ten un bo hábito de estudo e preocupase por mellorar buscando os seus propios recursos a maiores das sesións.

Para cualificar a nota da audición ou proba de aula, terase en conta a seguinte rúbrica:

CRITERIOS	Nunca	Algunha vez	Ás veces	Case sempre	Sempre
Postura: Coloca o corpo de xeito apropiado segundo os requirimentos da especialidade instrumental	0	0.25	0.5	0.75	1
Son: Utiliza de forma axeitada as técnicas de respiración adaptadas á execución instrumental	0	0.25	0.5	0.75	1

Son: Emite de xeito correcto o son e coloca a embocadura de xeito idóneo	0	0.25	0.5	0.75	1
Memoria: Interpreta con corrección os exercicios e obras solicitados sen empregar partitura	0	0.25	0.5	0.75	1
Fraseo: Utiliza e executa correctamente a articulación, dinámicas e tempo nas pezas musicais propostas	0	0.25	0.5	0.75	1
Interpretación: Executa coherentemente e acorde co estilo propio de cada peza musical proposta	0	0.5	1	1.5	2
Entoación: Asimila e executa con corrección os principios de afinación	0	0.25	0.5	0.75	1
Protocolo de actuación: Coñece e aplica principios básicos para a actuación correcta sobre un escenario	0	0.25	0.5	0.75	1
Protocolo como audiencia: Coñece e aplica principios básicos para a asistencia a concertos académicos e audicións públicas	0	0.25	0.5	0.75	1
TOTAIS PARCIAIS					
PUNTUACIÓN TOTAL					

No caso de que algún estudante, e só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder. Isto será posible sempre e cando o alumno ou alumna teña superados os obxectivos de todas as materias do curso no que se atopa.

Medidas de recuperación

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

O alumno terá dereito a un exame no mes de xuño que consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras ou exercicios das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.

5.3.4 Recursos didácticos

- Metrónomo
- Exercicios de técnica propostos pola profesora
- *Escoitar, ler e tocar* vol. 2
- *Aprende tocando o trombón* de Peter Wastall

5.4 Curso: 4º Grao Elemental

5.4.1 Obxectivos

O alumnado debe desenvolver as seguintes capacidades:

- Adoitar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual coma de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

- Coñecer a importancia da respiración e do dominio do corpo para o desenvolvemento da técnica instrumental e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e literatura do instrumento coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público con seguridade e autocontrol.
- Adquirir a capacidade de escoitarse e ser auto-críticos.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para a concentración, audición interna e pensamento musical.
- Interpretar música en grupo adaptándose a escoitar as demais voces e a respectar as normas de interpretación grupal.
- Dominar a afinación.

5.4.2 Contidos

- Principios básicos da dixitación.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Práctica das distintas articulacións.
- Traballo da dinámica.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos labios, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudo da boquilla.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Práctica de conxunto.

- Estudos de emisión de son.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

5.4.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución. A avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensino–aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- Ler textos musicais a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos, os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas ou resultar aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

